

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Persoal, oposicións

RESOLUCIÓN LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E COMPOSICIÓN TRIBUNAL PROCESO SELECTIVO UNHA PRAZA OFICIAL CONDUTOR MECÁNICO ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, AMPLIACIÓN OEP 2021 POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

ANUNCIO

A concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura , en data 28/04/2022 ditou a seguinte resolución:

Número de expediente:2022/PROCESOSELECTIVO/000007

“RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE OFICIAL CONDUTOR MECÁNICO, GRUPO C, SUBGRUPO C2 DA CLASE PERSOAL DE OFICIOS, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, INCLUÍDA NA AMPLIACIÓN DA OEP DO ANO 2021, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

Publicadas no BOP núm. 39, do 25 de febreiro de 2022, as bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para acceder a diversas prazas no Concello de Pontevedra incluídas na ampliación da OEP do ano 2021, realizados os trámites pertinentes para a formación dos Tribunais cualificadores e finalizado o período establecido para a presentación de instancias (do 05/04/2022 ao 25/04/2022, ambos inclusive), esta Concellería delegada, de conformidade coas bases aprobadas e en exercicio das súas atribucións delegadas mediante Decreto da alcaldía de data 15/06/2019,

RESOLVE

Primeiro.- LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.-

Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ás probas de selección convocadas para a cobertura de unha praza de oficial condutor mecánico, Grupo C, Subgrupo C2 da clase de Persoal de Oficios, Subescala de Servizos Especiais da Escala de Administración Especial do Concello de Pontevedra incluída na ampliación da OEP do ano 2021, pola quenda de promoción interna, segundo se relacionan a continuación:



Mércores, 4 de maio de 2022

Núm. 85

**PRAZA: OFICIAL CONDUTOR MECÁNICO
QUENDA PROMOCIÓN INTERNA (1 PRAZA)***ASPIRANTES ADMITIDOS/AS*

1 VARGAS COUTO, FRANCISCO JOSÉ

2 VILLAVERDE PATIÑO, LUIS

ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS

Ningún

Segundo.- MOTIVOS DE EXCLUSIÓN E RÉXIME DE SUBSANACIÓN.-

De conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, os/as aspirantes excluídos/as ou aqueles/as que puideran resultar omitidos/as, por non figurar na relación provisional de admitidos/as ou de excluídos/as, disporán dun prazo de dez días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para ditos efectos deberá presentarse a documentación correspondente no Rexistro Xeral deste Concello ou nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, no prazo sinalado.

Advírtese aos/ás interesados/as que, de non procederse á subsanación, en cada caso de que corresponda, serán declarados/as definitivamente excluídos/as.

Concluído o prazo de 10 días para presentación de subsanacións ou reclamacións contra a presente resolución, de non presentarse reclamación algunha, a lista provisional de admitidos/as elevarase a definitiva. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución, estimándoas ou desestimándoas.

A resolución pola que se resolvan as reclamacións, aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e publicarase no BOP e no Taboleiro de editos do Concello.

Terceiro.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

O tribunal cualificador do proceso selectivo convocado quedará integrado da seguinte forma:



Mércores, 4 de maio de 2022

Núm. 85

**PRAZA: OFICIAL CONDUTOR MECÁNICO
QUENDA PROMOCIÓN INTERNA(1 PRAZA)**

Presidente:

- Dona Rosa Magdalena Fernández, arquitecta da Oficina Técnica de Arquitectura e Planeamento do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Angel Velando Rodríguez, arquitecto xefe da Oficina Técnica de Arquitectura e Planeamento do Concello de Pontevedra

Secretaria:

- Dona Marta de las Heras Rodríguez, xefa do Servizo de Patrimonio do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona Patricia Rivadulla Rodal, xefa do Servizo de Xestión Tributaria do Concello de Pontevedra

Vogais:

- Don Fernando Capelo Ríos, xefe da Unidade Operativa do Parque Móbil do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona María Isabel Couselo Torres, técnica media de Medio Ambiente e Servizo de Limpeza da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas e Saneamento do Concello de Pontevedra

- Don Antonio Dopazo Sobreira, mestre electricista da Brigada de Electricidade do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona María del Carmen Silva Ricoy, arquitecta técnica adxunta da Oficina Técnica de Licenzas e Inspección do Concello de Pontevedra

- Don Manuel Cancela Outeda, xefe da Unidade Operativa de Parques e Xardíns do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente, Juan Carlos Peón Justo, xefe da Unidade Operativa da Brigada de Obras e Mantemento do Concello de Pontevedra.

Os/as membros/as do Tribunal cualificador poderán ser recusados/as, cando nos/as mesmos/as concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Cuarto.- A presente resolución publicarase no BOP e no Taboleiro de anuncios da casa do Concello de Pontevedra sita na rúa Michelena, 30 e no taboleiro de anuncios electrónico (<http://sede.pontevedra.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>), e de forma complementaria poderase publicar no apartado de información sobre emprego da sede electrónica xunto coa información do proceso selectivo (<http://sede.pontevedra.gal/public/dynamic/transparency/employment/>).

Quinto.- Sen prexuízo do establecido nesta resolución en relación co prazo de presentación de subsanacións ou reclamacións á relación provisional de aspirantes admitidos ou excluídos, contra o apartado no que se aproba a designación dos membros do tribunal cualificador, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento



Mércores, 4 de maio de 2022

Núm. 85

administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Así o ordena e dispón a concellería delegada no exercicio das súas atribucións delegadas, ante o secretario da administración municipal, que DA FE da precedente resolución.”

